

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto harmonizado/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	Servizo de mantemento de aparatos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol	
Número expediente	AVH 03008 20/06	Cívidas 2018025369
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	29 de marzo de 2021	
Hora de inicio	11:15:00	
Hora remate	12:41:00	
Asistentes sen voto	Don Alberto Castro Rascado, enxeñeiro municipal. Dona Rosa Martínez Beceiro, representante do grupo municipal PP (mediante videoconferencia na aplicación GOOGLE MEET).	

Presidente:

Don Julián Reina Villalón, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.

Vocais:

Dona Ana Elisa Quindós Lindín, xefa de servizo de Contratación; don Leopoldo Moure García, secretario xeral; don Luis Ramón Vázquez Parga, viceinterventor, en substitución da interventora municipal (en virtude de resolución de Alcaldía-Presidencia de data 30/10/2020); dona Ana Lamas Villar, concelleira delegada da área propoñente do contrato (Servizos) e dona Milagros Puig Mosquera, xefa de sección, en substitución da xefa do servizo propoñente do contrato (Servizos).

Secretario/a

Don Hortensio David Míguez Fuentes, xefe de sección do servizo de Contratación, en virtude de resolución de Alcaldía-Presidencia de data 18/03/2021.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada o día 22/02/2021:**

Apróbase co voto favorable por unanimidade de todos os membros da mesa con dereito a voto.

2º.- Apertura do requirimento de documentación para o expediente AVH 03008 20/06 “Servizo de mantemento de aparatos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol”.

Dase conta, en primeiro lugar, que por medio da PLACSP se require a empresa THYSSENKRUPP ELEVADORES, SLU, para a presentación da documentación á que se refire a cláusula 27 do

PCAP con motivo da adxudicación do contrato. A empresa atende o requirimento no prazo concedido.

En primeiro lugar, pola secretaría da mesa infórmase do cambio de denominación da empresa, que pasa a ser TK Elevadores España S.L.U., figurando xa o cambio no certificado do ROLECE expedido o 23/03/2021.

A continuación e, para os efectos do disposto na cláusula 27 no que respecta á adxudicación do contrato; considerando toda a documentación acreditativa presentada; as solvencias acreditadas alternativamente mediante a clasificación (*grupo P, subgrupo 7 e categoría 5*) que constan na inscrición do ROLECE e na inscrición nº 3369 do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia; á vista do informe técnico favorable emitido polo enxeñeiro municipal, de data 18/03/2021 (sobre a acreditación da habilitación profesional, acreditación de medios materiais e persoais, e vehículos ofertados)

Tendo en conta os extremos esixidos na cláusula 27 do PCAP, a mesa, co voto favorable de todos os membros asistentes, acorda:

- CALIFICAR favorablemente toda a documentación presentada, **agás á que se refire á acreditación da disposición efectiva dos medios persoais a adscribir a contrato**, nos termos esixidos pola cláusula 10 dos PPT. Debe presentarse documentación xustificativa da titulación, formación e/ou experiencia esixida xunto co contrato laboral, relación nominal de traballadores (RNT) ou documentación equivalente que acredite a efectiva disposición dos medios persoais esixidos polo PPT (un enxeñeiro técnico e tres oficiais FP II).
- Que se requira ao licitador, ademais, a documentación acreditativa do cambio de denominación social da empresa.

Polo tanto, concédeselle un prazo de **3 DÍAS HÁBILES** co obxecto de subsanar a documentación, así como para presentar a documentación acreditativa do cambio de denominación social.

Remata a sesión. De todo o que eu, secretario, DOU FE.

DILIXENCIA: *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 19/04/2021.; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaría na data que consta na sinatura dixital.*